

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



galicia
o bo camiño

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

MANUAL DO EXPOSITOR

FESTIVAL DE ARTES E EMPRENDIMENTO

18 e 19 de outubro de 2019

Cidade da Cultura

Sumario

1. Que é Audacia?	1
2. One e cando se celebra?	1
3. Para quen é o Festival?	1
4. Como participar no Festival?	1
5. Quen pode reservar un stand ou expositor?	1
6. Tipos de stands	2
7. Como facer a reserva dun stand?	3
8. Que servizos están incluídos coa reserva de stand?	3
9. Contacto	3

1. Que é Audacia?

Audacia é a aptitude ou tendencia que impulsa ás persoas para realizar accións difíciles ou atrevidas.

Audacia é o novo Festival de Artes e Emprendemento que aspira a converterse nun evento anual de referencia en Galicia. Audacia busca poñer en valor e destacar as potencialidades das artes e do emprendemento, na procura de novos formatos, novos públicos e novas propostas.

O Festival quere ser un espazo de intercambio no que se difunden ideas e procesos de traballo que poñen en valor a audacia e o risco. Un espazo no que artistas e profesionais interesados no ámbito do emprendemento, da formación, da empresa ou da economía nos esforcemos para lograr relacións duradeiras e positivas entre economía e artes.

2. Onde e cando se celebra?

Audacia celebrarase o venres 18 e o sábado 19 de outubro de 2019 na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, edificio Museo Centro Gaiás.

Horario de apertura ao público do Festival de 10h a 21h

- Espazo Expositivo de 10h a 20h
- Audacia Música de 20h a 21h

Horario de acceso ao recinto para expositores desde ás 08h

Horario de montaxe e desmontaxe de stands:

- Montaxe:
 - Xoves 17 de outubro de 08h a 22.30h
- Desmontaxe:
 - Sábado 19 de outubro desde peche do Espazo Expositivo ata 22.30h
 - Domingo 20 de 08h a 22.30h

Audacia non pecha ao mediodía. Haberá menú do día a prezo popular na Cafetería de Audacia Festival.

3. Para quen é o Festival?

Audacia é un espazo aberto ao alumnado dos centros de ensinanzas artísticas, aos emprendedores e pequenas empresas do sector e ao público xeral interesado.

4. Como participar no Festival?

Ademais de asistir como visitante, Audacia ofrece a posibilidade de formar parte e participar no Festival con presenza propia a través da reserva dos stands gratuitos dispoñibles.

5. Quen pode reservar un stand ou expositor?

Os stands do Festival, todos gratuitos, están a disposición das institucións, dos centros de ensinos artísticos e centros de coworking así como de emprendedores e pequenas empresas do sector das artes e do emprendemento.

Audacia é un excelente escaparate onde fomentar a visibilidade e a proxección pública das entidades e persoas participantes así como un punto de encontro para o intercambio de ideas e o

establecemento de novas relacións que contribúan a consolidar o tecido formativo e empresarial no mundo artístico.

6. Tipos de stands

Hai varios tipos de stands dispoñibles en función do perfil do expositor:

1. Tipo 1:

Stand en "L" de 3x2 con dúas paredes.

Para emprendedores e pequenas empresas.

Inclúe 2 paredes: unha de 3x2 e outra de 2x2, esta parede está reservada para a rotulación do stand por parte da organización.

O expositor só poderá decorar a parede 3x2. Lembramos que non se pode tradear nin deteriorar a parede.

Dispoñible mobiliario a concretar coa organización.

2. Tipo 2

Stand cadrado de deseño libre de 6 m² para entidades institucionais, centros académicos e pequenas empresas **convidadas**. Contará cun mínimo dunha parede que poderá decorar o expositor, sempre respectando o espazo para a rotulación. Lembramos que non se pode tradear nin deteriorar a parede.

3. Tipo 3

Stand circular de deseño libre de 12 m². Para entidades institucionais e centros académicos.

Cada stand inclúe:

- Moqueta no chan sinalizadora do propio espazo nas medidas correspondentes a cada stand.
- Servizos eléctricos cun máximo de 16A.
- Iluminación.



7. Como facer a reserva dun stand?

Para solicitar un stand só hai que seguir estes sinxelos pasos:

- Entrar no formulario de solicitude de espazo pinchando [aquí](#), e cumprimentar o formulario cos datos solicitados.
- No prazo máximo de 7 días recibiredes un mail informando do estado da vosa solicitude e dándovos as indicacións oportunas para completar o proceso de reserva de stand.

Os stands adxudicaranse mediante a avaliación da proposta por parte dun comité de valoración creado pola organización. A data límite para facer a reserva de stands é o día 30 de setembro de 2019 (ou ata completar o Espazo Expositivo).

8. Que servizos están incluídos coa reserva de stand?

Desde o Festival queremos que a túa estancia en Audacia sexa o máis comfortable e proveitosa, por iso incluímos os seguintes servizos coa reserva de stand.

- Inclusión no catálogo de entidades expositoras de Audacia 2019.
- Servizo xeral de limpeza do stand.
- Acceso a wifi durante os días de apertura ao público.
- Servizo de vixilancia xeral do recinto expositivo. Nin a Cidade da Cultura nin a organización se fan responsables de posibles roubos ou perdas de materiais que os expositores dispoñan no seu stand ou en calquera espazo do recinto.

No stand está permitida a venda de artigos así como a realización de actividades que cada expositor/a considere oportunas para a consecución dos seus obxectivos como participante no Festival.

Buscando a boa convivencia entre todas as persoas asistentes, non está permitida megafonía ou focos nos stands, que poidan producir contaminación acústica e lumínica.

9. Contacto

Para calquera suxestión ou dúbida, podes poñerte en contacto con nós no enderezo standsaudacia@gmail.com